

Obxectivos desta unidade

- Pedir ou dar información persoal
- Felicitar e agradecer unha felicitación
- Datar ou pedir a data dun acontecemento

# _2 E ti de quen vés sendo?

Coñecemento do código

- As nacionalidades
- O presente de indicativo dos verbos TER e ESTAR
- Os presentes regulares da CI, CII e CIII
- O feminino (I)
- Os numerais do 20 ao 1.000...
- As vogais: abertas e pechadas

## ACTIVIDADE INTRODUTORIA

**1. Esta é a ficha de Paulo, un estudante do curso de galego. Elabora a túa propia ficha seguindo este modelo.**

**ESCOLA DE IDIOMAS** **EDEI**

**Sousa dos Santos, Paulo**

Sexo ☒ home ☐ muller
Estado civil: solteiro
Lugar de nacemento: Lisboa
Data de nacemento: 24 de febreiro de 1981
Teléfono fixo: non teño móbil: 654 872 109
Enderezo electrónico: psousa@gmail.com
Idiomas: portugués, inglés e galego



sinatura

**2. Le as seguintes felicitacións e subliña as formas que empregan para felicitar.**




no quinto aniversario de
Supermercados
**REGALÍA**
**BAIXAMOS OS PREZOS**

ven celebrar
**A FESTA DOS PREZOS**
a Supermercados Regalía.
Neste aniversario
o homenaxeado es ti, felicidades!

**con Supermercados Regalía,
cada compra é unha alegría**

**3. Nos recadros de abaixo está a información que falta nestes diálogos. Escóitaos e completáos.**



—Bos días, necesito o xornal...
—Shhh! Fale máis baixo, por favor.
—Desculpe, necesito o xornal *Galicia Hoxe* do ..................................................
—Un segundiño, agora llo traio.
— ..................................
—Aquí está.
—Pero, este non é.
—Pois... non entendín ben logo, o ....................?
—Nooon, o ..................................................................
—Espere. ...............................
—Graciñas.



—Enma, quere quedar hoxe.
—Que me dis?
—Galán 36, quere quedar!
— .................................... É galego?
—Non, é brasileiro.
— ..............................................................
—Trinta e seis, Galán-trinta e seis. O seu aniversario é ..........................................., o día 24 fai os trinta e sete.
—Seguro que está casado.
—Non, ..................................................................... non me lembro.
—Entón, sorte!
—Ha ha!

**é solteiro, ou divorciado,**

**E cantos anos ten?**

**dezaseis de xaneiro do 95?**

**trinta de xaneiro de dous mil cinco.**

**De onde é?**

**30 de xaneiro de 2005.**

**Aquí ten.**

**Está ben.**

**en xullo,**

## GRAMÁTICA E LÉXICO: PRÁCTICAS GUIADAS

**4. Por parellas, sodes capaces de agrupar os xentilicios por terminacións? Intentade ampliar a listaxe coas nacionalidades de todos e todas as da clase. Se tedes dúbidas, falade co voso profesor ou profesora.**

-és, -esa: ......................................................

-ense: ......................................................

-ino, -ina: ......................................................

-ano, -ana: ......................................................

-iano, -iana: ......................................................

-í: ......................................................

-ol, -ola: ......................................................

-o, -a: ......................................................

-án, -á: ......................................................

-eño, -eña: ......................................................

-eiro, -eira: ......................................................

-ón, -oa: ......................................................




México: mexicano, mexicana
China: chinés, chinesa
Portugal: portugués, portuguesa
Caribe: caribeño, caribeña
Rusia: ruso, rusa
Canadá: canadense
Arxentina: arxentino, arxentina
Italia: italiano, italiana
Marrocos: marroquí
España: español, española
Francia: francés, francesa
Polonia: polaco, polaca
Alemaña: alemán, alemá
Porto rico: portorriqueño, portorriqueña
Ecuador: ecuatoriano, ecuatoriana
Noruega: noruegués, norueguesa
Brasil: brasileiro, brasileira
Bretaña: bretón, bretoa

**5. Coa axuda do profesor ou profesora, intenta ordenar as persoas destes verbos.**

TER (presente de indicativo)

Eu

Ti

El/ela

Nós

Vós

Eles/elas

**ten teño temos tes tedes teñen**

ESTAR (presente de indicativo)

Eu

Ti

El/ela

Nós

Vós

Eles/elas

**están estamos estou está estás estades**

**6. Observa a construción do exemplo e fai ti o mesmo co resto dos países. Un nome común nos homes italianos é Paolo. Busca ti nomes habituais para o resto dos países.**

Topónimos: Italia, Francia, Romanía, España, Portugal, Rusia, China, Xapón, Brasil, Venezuela...



**Paolo vive en Italia > Paolo é de Italia > Paolo é italiano**

**7. Estas son as seis persoas que van participar nun programa de convivencia na Televisión de Galicia. O presentador desordenou os seus datos. Bótalle unha man para cubrir as fichas cos datos que tes deseguido.**



Nome: Jeny
Idade:
Estado civil: divorciada
Nacionalidade:
Profesión:



Nome: Rodrigo
Idade:
Estado civil:
Nacionalidade:
Profesión:



Nome: Katherina
Idade:
Estado civil: viúva
Nacionalidade:
Profesión:



Nome: Aurelia
Idade:
Estado civil:
Nacionalidade:
Profesión:



Nome: Shola
Idade: 45
Estado civil: casado
Nacionalidade:
Profesión:



Nome: Andrew
Idade: 41
Estado civil: solteiro
Nacionalidade: inglés
Profesión:

**xefa de vendas** **escritora** **casado** **panadeiro**
**neocelandés** **norteamericana** **setenta** **trinta** **separada**
**corenta e un** **brasileiro** **vinte e oito** **dentista**
**cociñeiro** **alemá** **filipina** **camareiro**

**8. Un dos datos dos concursantes era o estado civil. Sabías que para indicar o estado civil se poden empregar os verbos SER e ESTAR? Completa a lista empregando as dúas construcións posibles:**

Estou solteiro. ..........................................
.............................................. Son separado
.................................................... Son viúvo

Estou casada. ..........................................
.............................................. Son divorciada

**Numerais**

| | | |
|---|---|---|
| vinte | oitenta | seiscentos / seiscentas |
| vinte e un / vinte e unha | noventa | setecentos / setecentas |
| vinte e dous / vinte e dúas etc. | cen | oitocentos / oitocentas |
| trinta | cento un / cento unha etc. | novecentos / novecentas |
| trinta e un / trinta e unha etc. | douscentos / duascentas | mil |
| corenta | trescentos / trescentas | dous mil |
| cincuenta | catrocentos / catrocentas | tres mil |
| sesenta | cincocentos / cincocentas | |
| setenta | quiñentos/ quiñentas | |

## 9. Tedes que elaborar un calendario coas datas de aniversario dos compañeiros e compañeiras da clase.

Que día naciches? Nacín o vinte e catro de setembro de mil novecentos setenta e nove.
Cando é o teu aniversario? O meu aniversario é o dous de xuño.
Cando estás de aniversario?
Que día fas anos?

| Nome | Data |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

xaneiro

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |

febreiro

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | | | | |

marzo

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | |

abril

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | | | | | | |

maio

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | |

xuño

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | |

xullo

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

agosto

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |

setembro

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

outubro

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |

novembro

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | |

decembro

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| 31 | | | | | | |

## 10. Na clase de Historia Universal mesturaron datas e acontecementos. Axúdaos a "recompoñer a historia".

| | |
|---|---|
| 2002 | Comeza a Revolución Francesa |
| 1936 | Colón descobre América |
| 1989 | Empeza a Guerra Civil española |
| 1789 | Cae o muro de Berlín |
| 1963 | Afunde o *Prestige* |
| 1992 | Celébrase por primeira vez o Día das Letras Galegas |
| 1492 | Celébranse os Xogos Olímpicos de Barcelona |

1º. En ......................... Colón descobre América
2º. En .........................

**Presente de indicativo verbos regulares CI, CII e CIII**

Xa sabes o presente de indicativo dos verbos regulares?

Repara na terminación que aparece destacada para resolver a seguinte actividade.

| I. ESTUD**AR** | II. COM**ER** | III. ESCRIB**IR** |
|---|---|---|
| estud**o** | com**o** | escrib**o** |
| estud**as** | com**es** | escrib**es** |
| estud**a** | com**e** | escrib**e** |
| estud**amos** | com**emos** | escrib**imos** |
| estud**ades** | com**edes** | escrib**ides** |
| estud**an** | com**en** | escrib**en** |

En xeral, o **presente de indicativo** expresa unha acción que se desenvolve no momento en que se fala. Pero tamén serve para describir acontecementos históricos.

| | Verbos da 1ª conxugación –AR | Verbos da 2ª conxugación –ER | Verbos da 3ª conxugación –IR |
|---|---|---|---|
| **Regulares** | falar<br>traballar<br>estudar<br>xogar | comer<br>ler | vivir<br>escribir<br>compartir |
| **Irregulares** | estar | ter<br>ser | |

**11. COMO SOMOS OS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS DA CLASE E QUE FACEMOS**

**A. Selecciona o verbo máis acaído e conxúgao para rematar as seguintes oracións. Tes que utilizar as tres persoas de plural.**

Xantamos todos os días ás dúas da tarde.

........................................ tres idiomas.
........................................ todos os días de luns a venres.
........................................ solteiros.
........................................ nesta cidade.
........................................ piso durante o curso.
........................................ cartas e mensaxes electrónicas para os seus amigos.
........................................ vinte e dous anos.
........................................ o xornal os domingos.
........................................ ao fútbol os venres.
........................................ dun país de Europa.
........................................ de restaurante a fin de semana.
........................................ contentos por aprobar o exame.
........................................ para sacar o carné de conducir.

**B. Agora elabora a túa propia lista describindo as cousas que fas ti durante a semana.**

O luns traballo todo o día.

**C. Despois fala cun compañeiro ou compañeira para contarlle as cousas que fas e preguntarlle as que fai el.**

Xogas ao fútbol?
Si, as fins de semana xogo cos meus amigos.
Vives nesta cidade?
Non, vivo nunha vila pequena que está a un quilómetro.

**D. Logo descríbelle o que fai o teu compañeiro ou compañeira ao resto da clase.**

María xoga ao fútbol a fin de semana.

## FONÉTICA E ORTOGRAFÍA

| | anterior | | posterior |
|---|---|---|---|
| pechada | i | | u |
| media pechada | e | | o |
| media aberta | ? | ɔ | |
| aberta | | a | |



Como ves no triángulo, en galego temos sete vogais, aínda que á hora de escribir representamos as vogais medias (e/ɛ , o/ɔ) coa mesma grafía (e, o). É por isto que temos cinco letras para trasladar á escrita os sons vocálicos: a, e, i, o, u.

**12. Presta atención á audición e intenta repetir cada serie.**

i e ɛ a ɔ o u

u o ɔ a ɛ e i

**13. Escoita con atención e rodea a palabra que se pronuncia primeiro en cada par.**

| | | | |
|---|---|---|---|
| pola | póla | copa | capa |
| pata | pota | mal | mel |
| pe | pé | mol | mal |
| óso | oso | vela | bala |
| te | té | bola | bóla |
| piso | peso | nata | neta |

## GALEGO EN ACCIÓN

### QUEN É QUEN

**14. Escoita as presentacións destes catro personaxes e cubre a información que falta sobre eles.**



- O seu nome é Pedro.
- É de Badaxoz.
- ..............................
  ..............................
- ..............................
  ..............................
- A súa rúa está preto da praza do Obradoiro.
- Ten unha bolsa Séneca na Universidade de Santiago.



- ..............................
- ..............................
  ..............................
- O seu enderezo é: Rúa Príncipe, nº 10, 5º B, Vigo.
- ..............................
  ..............................
- Estuda tamén galego e inglés na escola onde dá clase.
- Está casado cunha moza galega chamada Xela.



- Chámase Eva.
- ..............................
- É procedente de Rusia.
- ..............................
  ..............................
- Non é estudante universitaria.
- ..............................
  ..............................



- ..............................
- ..............................
- ..............................
  ..............................
- O seu enderezo electrónico é: i.carballo@yahoo.es.
- Estuda alemán na escola de idiomas.
- Ten unha parella de fóra de Galicia, procedente do norte de Europa.




## CONTIDO SOCIOCULTURAL

**Xa coñeces Galicia?** Como seguro que xa sabes, Galicia está no noroeste da península Ibérica. Quizais te fixaches en que os verdes e os azuis caracterizan a paisaxe galega. Verde polos seus vales e montañas. Azul polo océano Atlántico e polo mar Cantábrico, pero tamén polos múltiples ríos que a atravesan dende un punto a outro.

**Sabes en que lugares se fala a lingua galega?** O galego non só é a lingua de Galicia. Tamén se fala na franxa oriental de Asturias, León e Zamora, así como no norte de Portugal e nunha zona de Estremadura que se chama o Val do Ellas. E claro, sen esquecermos todos os galegos e galegas que andan repartidos polo mundo!

**Sabes cal é o río máis grande de Galicia?** Dise que este río inspirou o deseño da nosa bandeira: unha liña diagonal azul sobre un fondo branco. Falamos do río Miño, que atravesa Galicia dende Lugo, pasa por Ourense e desemboca en Pontevedra, onde fai fronteira con Portugal.

**Sabes onde podes esquiar?** Aquí non temos montañas moi elevadas. O que abondan son vales e montes non moi altos. Con todo, tamén temos algúns montes que se aproximan aos 2.000 metros, como o caso de Cabeza de Manzaneda, moi visitada para practicar o esquí.

**Sabes o que é unha ría?** É unha entrada do mar na terra. Se te fixas nun mapa de Galicia, teñen forma de "v", o que fai que o noso litoral teña moitos entrantes e saíntes. Sen elas o marisco non sería algo típico de aquí, posto que as nosas rías son un ecosistema case único no mundo, axeitado para que se produza.

**Sabes que significa Fisterra?** Moi fácil, o propio nome o indica: a fin da terra. Isto é o que pensaban os romanos cando lle puxeron este nome ao cabo situado na perigosa Costa da Morte, porque é o extremo occidental do mundo que eles coñecían.



Certificado Lingua Galega

**15. Es o empregado ou empregada dunha tenda de telefonía e tes que coller os datos de dous clientes. Escoita as conversas e cubre as fichas.**

| FICHA 1 | FICHA 2 |
|---|---|
| Nome: | Nome: |
| Apelido: | Apelidos: |
| Sexo: ☐ home ☐ muller | Sexo: ☐ home ☐ muller |
| DNI: | DNI: |
| Enderezo: | Enderezo: |
| Teléfono móbil: | Teléfono móbil: |



**16. Nesta tarxeta de felicitación só queda que ti escribas a túa felicitación persoal. Emprega o anaco que che reservaron os teus amigos:**

| | | |
|---|---|---|
| Felicidades! Espero que che vaia ben no teu novo traballo. Moitos bicos | Parabéns pola boa nova. Deséxoche moita felicidade nesta nova etapa da túa vida. Un biquiño | Que sorpresa! Marchas de aquí e non me levas! Alégrome moito por ti, moita sorte! Bicos |
| Que noticia tan boa! Que todo che vaia como ti mereces. Botarémoste de menos! Felicidades! | Xa mo contaron, abandónasnos. Oxalá o cambio sexa para algo moito-moito mellor. Unha aperta | |

Para expresar desexo, tes que empregar o presente de subxuntivo. Fíxate nos exemplos:

-AR: ESTAR

estás (indicativo) — esteas (subxuntivo): Oxalá esteas ben.

-ER: SER / TER

es (indicativo) — sexas (subxuntivo): Que sexas moi feliz.

tes — teñas (subxuntivo): Que teñas un bo día.

-IR: IR

vas (indicativo) — vaias (subxuntivo): Espero que vaia ben.

# CADERNO DE BITÁCORA

QUE APRENDÍN | QUE TEÑO QUE REPASAR | QUE SEI FACER EN GALEGO NAS CATRO HABILIDADES

Comprender
Falar
Ler
Escribir

**Que aprendín:**

**Que teño que repasar:**

**Que sei facer en galego nas catro habilidades:**

Comprender:

Falar:

Ler:

Escribir: